REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
- 6 XULL. 2018
Núm. 10079

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 12 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese de convivencia (339, 10/PPLI-000001).**

Punto 2. **Comparecencia**

2.1 32893 (10/CPC-000063)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para informar sobre os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

Punto 3. **Preguntas orais**

3.1 22797 (10/POC-003764)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis
Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia nas institucións europeas para continuar coa participación na iniciativa impulsada con outras rexións europeas e denominada "Together for cohesión" (xuntos pola cohesión)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018

3.2 31245 (10/POC-004930)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 312, do 30.05.2018

3.3 31422 (10/POC-004956)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL GALICIA
- 6 XULL. 2018
Núm. 10079

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para non participar no I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica levado a cabo en Pamplona no mes de marzo de 2018 e non referendar a Declaración institucional de compromiso coa memoria histórica asinada polos representantes de trece gobernos autonómicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

3.4 31500 (10/POC-004963)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e 2 máis
Sobre as razóns da decisión dos representantes da Xunta de Galicia de extinguir o padroado da fundación As Colonias de Covelo en vez de revitalizar o centro, o seu pase á titularidade do Concello da Lama e os datos do Goberno galego referidos á posibilidade deste de afrontar a súa xestión, restauración e mantemento, así como as razóns da fundación para abandonar as actividades e o mantemento dese espazo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 32902 (10/PNC-002690)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO

Asinado dixitalmente por:
César Manuel Fernández Gil, na data 06/07/2018 16:15:22

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese de convivencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 32893(10/CPC-000063)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea para informar sobre os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
28 XUÑ. 2018
Núm. 32893

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
28 XUÑ. 2018
SAÍDA
Num. 236

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia en Comisión 1ª Institucional, Administración Pública, Xustiza e Interior -do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea- para informar sobre "***os obxectivos, a axenda e os resultados das viaxes institucionais realizadas fóra do territorio do Estado***".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/06/2018 10:53:20

CVE: h2vTcsHD1
Verificación: https://sede.xunta.galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 22797(10/POC-003764)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 6 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia nas institucións europeas para continuar coa participación na iniciativa impulsada con outras rexións europeas e denominada "Together for cohesión" (xuntos pola cohesión)

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:42
Nº Rexistro: 22797
Data envio: 11/01/2018 13:42:08.132

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

En setembro de 2016, o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo Aller, participaba no cumio de rexións, "Xuntos pola cohesión", celebrado en Bruxelas co fin de lanzar, xunto coas autoridades rexionais, locais e interterritoriais de toda a UE, unha mensaxe común en defensa da política de cohesión a partir do ano 2020.

Esta iniciativa de nivel europeo pretende chegar a un compromiso común para prolongar a política rexional da UE mais aló do remate do actual período de programación 2014-2020, no que o orzamento dos fondos de Cohesión ascende a mais de 351.000 millóns de euros, o que supón un terzo do conxunto do orzamento europeo. Estas cifras dan conta da relevancia destes fondos no conxunto da UE, pero se atendemos especificamente aos nosos intereses, compre destacar que dende o establecemento destes fondos, o noso país foi beneficiario de mais de 19.000 millóns de euros, fundamentais na modernización de Galicia, o que permitiu que no ano 2014 abandonasemos o grupo das rexións menos desenvolvidas para integrarnos no das rexión denominadas "en transición".

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Qué actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia nas institucións europeas para continuar coa participación na iniciativa que, impulsada na pasada lexislatura con outras rexións europeas e denominada Together for Cohesion (Xuntos pola Cohesión), defende o orzamento asignado para a política rexional así como a necesaria interlocución coas rexións neste proceso de negociación?

Santiago de Compostela, 11 xaneiro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 13:42
Nº Rexistro: 22797
Data envio: 11/01/2018 13:42:08.132

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 13:38:57

Paula Prado Del Río na data 11/01/2018 13:39:28

María Isabel Novo Fariña na data 11/01/2018 13:39:44

César Manuel Fernández Gil na data 11/01/2018 13:40:01

Antonio Mouriño Villar na data 11/01/2018 13:40:24

María Julia Rodriguez Barreira na data 11/01/2018 13:41:17

Jacobo Moreira Ferro na data 11/01/2018 13:41:31

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 31245(10/POC-004930)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia

Publicación da iniciativa, 312, 30.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245
Data envio: 22/05/2018 17:22:16.031

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer a través dos medios de comunicación o desenvolvemento dun xuízo na Audiencia Provincial de Ourense arredor dunha presunta agresión sexual acontecida no ano 2016 nunha senda peonil na ribeira do río Limia entre Vilar de Santos e Xinzo.

Con estupor coñecemos que presuntamente o Centro de Saúde de Xinzo acudindo á vítima após a agresión non ofertou asistencia sanitaria gratuíta coa desculpa da non existencia dun convenio subscrito co país de orixe da muller (Estados Unidos, segundo a información xornalística). Así mesmo infórmase dunha deficiente atención no ámbito das forzas de seguridade do Estado, máis concretamente da Garda Civil.

No relativo ao eido sanitario cómpre recordar que no ámbito estatal existe desde hai anos un Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero actualizado periodicamente pola Comisión Contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde que contén directrices específicas para as situacións de violencia sexual, tanto para a súa atención como as referidas á custodia de potenciais probas. Para alén desta cuestión, existen protocolos propios no ámbito sanitario galego como o *Procedemento de intervención en saúde*, elaborado polo Grupo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245
Data envio: 22/05/2018 17:22:16.031

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Traballo de Violencia de Xénero e Saúde da Consellería de Sanidade no ano 2016 e dirixido a profesionais da sanidade, no que se indica a actuación a seguir con base a un fluxograma de decisión Así mesmo, a Estratexia SERGAS 2020 contempla na súa Liña estratéxica 3 no ámbito da violencia machista "Homoxeneizar as actuacións en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia para mellorar a atención sanitaria nestes casos."

Por outra banda, o ámbito das forzas de seguridade e o ámbito xudicial teñen tamén os seus protocolos estandarizados canto á atención que deben prestar ás vítimas de violencia machista. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos os feitos relatados polas fontes xornalísticas de máxima gravidade. Cómpre, polo tanto, unha implicación e actuación por parte da Xunta de Galiza para investigar o acontecido, facer unha avaliación dos erros e interpoñer medidas de corrección, compensación e, se é pertinente, sanción.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

-Ten constancia a Xunta de Galiza dos feitos relatados? En que data e a través de que forma tivo coñecemento? Cal é a súa valoración? Tense personado neste asunto? Ten tido contacto coa vítima ou a súa representación legal?

-Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza diante dos erros de atención á vítima de violencia machista estadounidense que denunciou unha agresión en setembro de 2016 en Xinzo?

-Coñece o goberno galego se foron cumpridos os protocolos en materia sanitaria? Ten desenvolvido algunha actuación ao respecto?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245
Data envio: 22/05/2018 17:22:16.031

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coñece o goberno galego se se cumpriron os protocolos en materia de forzas de seguridade? Tense dirixido aos órganos competentes? Con que obxecto e resultado? Avalía a Xunta de Galiza que a formación deste operador demostrou ser suficiente?

-Coñece o goberno galego se se cumpriron os protocolos en materia xudicial? Tense dirixido aos órganos competentes? Con que intención e resultado? Avalía a Xunta de Galiza que a formación deste operador demostrou ser suficiente?

-Coñece o goberno galego se o Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma evita os erros detectados na situación referida? En que aspectos? Que medidas prevé para o seu reforzo?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31245
Data envio: 22/05/2018 17:22:16.031

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2018 17:21:25

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2018 17:21:30

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2018 17:21:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2018 17:21:33

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2018 17:21:34

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2018 17:21:36

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 31422(10/POC-004956)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non participar no I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica levado a cabo en Pamplona no mes de marzo de 2018 e non referendar a Declaración institucional de compromiso coa memoria histórica asinada polos representantes de trece gobernos autonómicos

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envio: 28/05/2018 13:43:30.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica.

O pasado 22 de maio conmemorouse o 80 aniversario da fuga de máis de 800 presos políticos da prisión franquista do Forte de San Cristóbal en Pamplona (Forte Ezkaba), que tivo lugar o 22 de maio de 1938. Como consecuencia da persecución posterior, 208 dos fuxidos foron asasinados, 48 deles eran galegos.

O goberno de Navarra, xunto con outras entidades e institucións, está a realizar un proxecto de investigación, divulgación e exhumación das vítimas da fuga de Ezkaba. Como parte dos actos conmemorativos, no mes de marzo de 2018 tivo lugar o I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica, no marco da cal se promoveu a sinatura, o 16 de marzo, da "Declaración institucional de compromiso coa memoria histórica". Neste acto participaron representantes dos gobernos autonómicos de Andalucía, Aragón, A Rioxa, Asturias, Castela e León, Canarias, Cantabria, Cataluña, Euskadi, Extemadura, Illas Baleares, Navarra e Valencia.

Cómpre ter en conta que esta declaración foi asinada por representantes de gobernos autonómicos de todas as cores políticas, incluíndo o PP. Por iso non se entende a ausencia de representación da Xunta de Galiza, máxime tendo en conta o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envio: 28/05/2018 13:43:30.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elevado número de galegos que sufriron as condicións extremas do Forte Ezkaba e o elevado número de vítimas galegas da fuga, algunhas delas aínda sen identificar.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que motivo o Goberno galego non participou no I Encontro da Rede Interautonómica de Memoria Histórica e non refrendou a "Declaración Institucional de compromiso coa memoria histórica, asinada en Pamplona o 16 de marzo de 2018 por representantes de trece gobernos autonómicos?

2. Mantén o Goberno galego relación de cooperación e colaboración coas institucións e entidades que promoven actividades conmemorativas, de investigación, divulgación e exhumación en relación coas vítimas da fuga do Forte de Ezkaba?

3. Colabora a Xunta de Galiza coas tarefas de identificación das vítimas galegas do Forte de Ezkaba?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envio: 28/05/2018 13:43:30.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PS. Xúntase a **Declaración institucional de compromiso con la memoria histórica**

"I ENCUENTRO DE LA RED INTERAUTONÓMICA DE MEMORIA HISTÓRICA

Declaración Institucional de compromiso con la memoria histórica Navarra, 16 de marzo de 2018

La Convivencia es uno de los objetivos básicos e ineludibles de todas las sociedades democráticas. Para lograr que esa convivencia sea real y justa, es preciso proyectar una mirada crítica sobre el pasado; una mirada que, desde valores democráticos y desde unos principios éticos firmes, condene todas las vulneraciones de Derechos Humanos cometidas.

El golpe militar de 1936 desató una ola de violencia que provocó un tremendo e irreparable dolor en nuestra sociedad. Decenas de miles de personas fueron injustamente asesinadas, heridas, encarceladas, represaliadas, o se vieron forzadas al exilio. Nuestro compromiso, desde el respeto a los Derechos Humanos y desde la defensa de una cultura de paz, tolerancia y respeto, está con las personas que sufrieron la injusticia de la violencia tras el golpe militar de 1936 y durante la dictadura franquista.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envio: 28/05/2018 13:43:30.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Las administraciones públicas tenemos la responsabilidad de impulsar de forma activa políticas públicas que pongan en valor la memoria de lo ocurrido como forma de avanzar en la consolidación de sociedades más éticas, más justas, más solidarias y más democráticas. El olvido y la desmemoria debilitan los pilares de nuestros principios democráticos. Porque solo con memoria podremos dar respuesta al derecho de las víctimas a la verdad, la justicia y la reparación.

Hoy, 16 de marzo de 2018, en Navarra, las Comunidades aquí presentes aprobamos la siguiente Declaración Institucional:

1. Afirmamos nuestra condena del golpe militar de 1936 y de la dictadura franquista, y nuestro compromiso con una cultura de paz, respeto y tolerancia.

2. Mostramos nuestro compromiso con la memoria como herramienta para el recuerdo de la injusticia de la violencia y como medio para construir sociedades más justas, más éticas, más solidarias y más democráticas, donde aquellos trágicos acontecimientos no puedan volver a producirse.

3. Reiteramos nuestro compromiso con los Derechos Humanos y con el derecho de las víctimas a la verdad, la justicia y la reparación."

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/05/2018 13:43:06

María Montserrat Prado Cores na data 28/05/2018 13:43:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 13:43
Nº Rexistro: 31422
Data envio: 28/05/2018 13:43:30.015

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 28/05/2018 13:43:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/05/2018 13:43:13

Olalla Rodil Fernández na data 28/05/2018 13:43:15

Noa Presas Bergantiños na data 28/05/2018 13:43:16

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3.4 31500(10/POC-004963)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e 2 máis

Sobre as razóns da decisión dos representantes da Xunta de Galicia de extinguir o padroado da fundación As Colonias de Covelo en vez de revitalizar o centro, o seu pase á titularidade do Concello da Lama e os datos do Goberno galego referidos á posibilidade deste de afrontar a súa xestión, restauración e mantemento, así como as razóns da fundación para abandonar as actividades e o mantemento dese espazo

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:28
Nº Rexistro: 31500
Data envio: 28/05/2018 18:28:27.259

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputado e deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

As Colonias de Covelo foron erixidas polo filántropo Manuel Barreiro Cabanelas na primeira metade do século XX. O edificio principal, de 1.000 metros cadrados, atópase nunha finca de máis de catro hectáreas. A vontade do "Conde Cavanelas" era que o complexo tivera un carácter educativo de maneira indefinida. E, de feito, durante moitos anos serviu para formar a moitos dos rapaces e rapazas da contorna. Non obstante, fai tempo que As Colonias foron abandonadas á súa sorte. A última actividade –un campamento deportivo– data do curso 1994-1995. Así é que o estado de conservación do lugar é, nestes momentos, lamentable. A maleza e as malas herbas cobren os terreos, dificultando o acceso e o desfrute do espazo. Agora, o Goberno da Xunta iniciou os trámites para que As Colonias cambien de mans sen atender á opinión da veciñanza.

As Colonias rexíase por un padroado do que dependían o seu funcionamento e a súa conservación. A Consellería de Educación contaba con maioría dentro do órgano, con catro dos sete representantes. Os outros tres membros eran o párroco do pobo e dous veciños do lugar. Segundo o propio alcalde, Jorge Canda, do Partido Popular, foron os catro representantes da Xunta de Galicia os que decidiron extinguir o padroado. Se a decisión se consuma, a Xunta desvincularíase dos edificios e da finca e tódalas propiedades pasarían a ser de titularidade municipal.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:28
Nº Rexistro: 31500
Data envio: 28/05/2018 18:28:27.259

A Corporación Municipal de A Lama manifestouse en contra deste movemento presentado unha moción conxunta de rexeitamento. É de particular interese a posición do rexedor local ao respecto. Jorge Canda asegurou que non tiña noticia ningunha da vontade da Xunta de Galicia de transferir As Colonias ao municipio, algo sorprendente e moi grave, tanto se é certo como se é mentira. Se é certo, o Concello vai ter que asumir a xestión, restauración e mantemento dunhas infraestruturas que non tivo presentes ata o momento e que ocupan 40.000 metros cadrados de terreo. E se é mentira, o alcalde estalle mentido á veciñanza. Sexa cal sexa a verdade, o caso é que o rexedor desvinculouse da petición do seu propio partido de transferir os bens ao municipio, asumindo dese xeito a tese dos veciños e veciñas que, dende o comezo, apostaron por impugnar a decisión do padroado. A opción pola que opta a Asociación de Veciños de Laxedo é a de asumir a xestión da fundación para revitalizala; opción que crearía preto de 50 empregos. Iso permitiría volver a realizar actividades de educación e ocio no recinto.

A situación de conflito que neste momento afronta A Lama en torno ás Colonias é responsabilidade exclusiva da Xunta, xa que tiña maioría no padroado e non foi quen de ofrecer unha proposta que fixese viable a continuidade do seu proxecto. Ten que responder, así, polo estado de absoluto abandono do lugar.

Por todo o exposto, o deputado e deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que durante máis de dúas décadas a Xunta de Galicia non fixo nada para asegurar a viabilidade de As Colonias a pesar de ter a maioría no padroado?
- Por que decide agora extinguir o padroado en vez de revitalizar o centro?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:28
Nº Rexistro: 31500
Data envio: 28/05/2018 18:28:27.259

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Como é posible que o alcalde do Partido Popular non soubera que o Concello vai ter que facerse cargo dunha fundación e dunhas instalacións de máis de 40.000 metros cadrados?
- Fallou a coordinación e a comunicación?
- Que datos ten a Xunta de Galicia que avalen que o concello de A Lama pode facer fronte á xestión, restauración e mantemento do lugar?
- Por que deixou de facer actividades a fundación neste espazo?
- Por que se deixou o espazo abandonado á súa sorte?

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputado e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 28/05/2018 18:27:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/05/2018 18:27:43

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2018 18:28
Nº Rexistro: 31500
Data envio: 28/05/2018 18:28:27.259

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luca Chao Pérez na data 28/05/2018 18:27:51

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 12.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

4.1 32902(10/PNC-002690)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co disposto na disposición adicional segunda da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:02
Nº Rexistro: 32902
Data envio: 28/06/2018 12:02:10.923

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establecía, na súa disposición adicional segunda, que o Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencia implementasen as Unidades de Valoración Forense Integral, coa función de deseñar protocolos de actuación global e integral nos casos de violencia de xénero tamén a través dun procedemento de valoración do risco de novas agresións e do risco vital que puidese ser emitido nun prazo inferior a 72 horas nos casos de urxencia, sendo en todo caso un informe complementario dos realizados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado para facilitar ao órgano xudicial a decisión sobre as medidas cautelares e de protección da vítima. En verbas do presidente do Comité Científico Técnico do Consello Médico Forense, "ao longo dos anos de xestión, as unidades que están a funcionar teñen amosado alto grao de eficacia e a súa resposta é moi apreciada polos diferentes operadores xurídicos. Non obstante, as diferenzas de xestión entre Administracións, a falla dunha normativa específica e as dificultades de dotación persoal e material interfiren de forma importante no seu desenvolvemento". Xa dende as primeiras sesións de traballo en 2010, as comunidades dependentes do Ministerio de Xustiza comezaron demandando este servizo, chegando á conclusión de que un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital é oportuno e viable.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:02
Nº Rexistro: 32902
Data envio: 28/06/2018 12:02:10.923

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de xustiza en Galicia, que ten por misión, dende a súa creación en maio de 2005, prestar asistencia técnica aos xulgados e fiscalías en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense e persoal técnico e auxiliar, ten a súa sede en Santiago de Compostela e centros de traballo situados, ademais de nesta cidade, na Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Unhas das súas funcións é a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais e a intervención de psicólogos no Servizo de Clínica, mais non recoñece as Unidades de Valoración Forense Integral con facultades para emitir un informe de valoración do risco de novas agresións e do risco vital nos casos de violencia machista. Cómpre dicir ademais que Galicia só publica datos e información sobre a actividade do Imelga, pero non desagregados respecto desta violencia nin, por suposto, da valoración do risco.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, ao seguinte:

1. Establecer indicadores mínimos para os datos xerados polas Unidades de Valoración Forense Integral (UVFI) do Imelga.
2. Implementar unha aplicación informática axeitada para o seguimento estatístico de tendencias nas UVFI.
3. Concretar a estrutura e funcionamento das UVFI a través dunha normativa específica.
4. Reestruturar os protocolos para que a valoración do risco de novas agresións e do risco vital complementen as valoracións dos Corpos e Forzas de Seguridade coas informacións das Unidades de Valoración Forense Integral, os centros de saúde, Centros da Muller ou Servizos Sociais, entre outros.
5. Estender a valoración ás persoas dependentes da parella e outras vítimas directas e secundarias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:02
Nº Rexistro: 32902
Data envio: 28/06/2018 12:02:10.923

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

6. Establecer plans formativos para a especialización prioritaria dos profesionais das UVFI.
7. Publicar datos e información sobre a actividade do Imelga tamén desagregados respecto da violencia machista.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/06/2018 09:53:28

María Luisa Pierres López na data 28/06/2018 09:53:34

Julio Torrado Quintela na data 28/06/2018 09:53:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 28/06/2018 09:53:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/06/2018 09:53:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/06/2018 09:54:00